OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	SI VES Á TERRA	Este conto será o eixe vertebrados de tódalas unidades do curso. E nesta primeira unidade recibiremos a vista dun extraterrestre ao que achegaremos á nosa contorna máis próxima: a escola e a familia.	14	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	EU VIVO EN NARÓN , E TI.?	Trataremos que o noso alumnado coñeza as expresións culturais do concello no que vive. Así como os dereitos e deberes como membros da sociedade . Coñeceremos distintos tipos de casas, as rúas... Para poder intercambiar esta información co visitante extraterrestre..	15	11	X		
3	TI VAS EN NAVE ESPACIAL E NÓS EN...	Abordaremos o coñecemento das normas básicas como peóns. E os medios de transporte que existen na Terra-	14	10	X		
4	AS FAMILIAS DA TERRA TRABALLAN.	Analizaremos os sectores laborais e os aspectos básicos da economía, partindo das profesións das familias mediante os obradoiros coas familias. No marco desta unidade didáctica realizaremos uns talleres coa visita das familias para falar das dúas profesións. Deste xeito as familias e o noso visitante poderá coñecerse.	13	9		X	
5	COMO SE VE O NOSO PLANETA DENDE O ESPACIO?	Buscaremos achegar ao alumnado un coñecemento elemental da Terra, do Sol e da Lúa, así como dalgún dos fenómenos meteorolóxicos máis destacados. Para elo contaremos coa axuda do noso novo amigo extraterrestre.	8	4		X	
6	AXUDANOS A COIDAR DO NOSO PLANETA.	Promoveremos un estilo de vida sustentable coa ayuda do noso extraterrestre.	8	6		X	
7	CANTO TEMPO FICARÁS CON NÓS?	Estudaremos o concepto de tempo e as unidades temporais básicas: hora, día, semana, mes e ano, e a percepción dos acontecementos no tempo, "antes" e "despois".	13	8			X
8	NON SEMPRE FOI ASÍ,	Nesta unidade traballaremos o presente, pasado e futuro da nosa contorna, así como a historia da nosa familia. Para que o noso amigo e percate de como pasa o tempo na Terra.	15	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	SI VES Á TERRA	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
2	EU VIVO EN NARÓN , E TI.?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.	PE	35
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas e algunha das súas funcións.		
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	65
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respectar o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
3	TI VAS EN NAVE ESPACIAL E NÓS EN...	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas como peóns e cidadáns.	PE	20
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	80
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
4	AS FAMILIAS DA TERRA TRABALLAN.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.	PE	30
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	TI	70
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Ocupación e traballo. Identificación con perspectiva de xénero das principais actividades profesionais e laborais na contorna.

UD	Título da UD	Duración
5	COMO SE VE O NOSO PLANETA DENDE O ESPACIO?	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.	PE	25
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	75
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos guiados e pautados.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respectar o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano), situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.

UD	Título da UD	Duración
6	AXUDANOS A COIDAR DO NOSO PLANETA.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e os procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.	PE	25
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, da manipulación e da experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	75
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, dos coidados, da corresponsabilidade e da protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o solo e a auga.	Respectar os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respectar o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
7	CANTO TEMPO FICARÁS CON NÓS?	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.	PE	30
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	70
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano), situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
8	NON SEMPRE FOI ASÍ,	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.	PE	20
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	TI	80
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establecer acordos de forma dialogada respectando aos demais.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando os persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Igualdade de xénero e conduta non sexista.

Contidos

- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, esta programación didáctica remítese, en primeira instancia, ás liñas de actuación recollidas no currículo da área de Ciencias Sociais, que se desenvolverán ao longo das diferentes sesións da materia.

As unidades didácticas propostas traballaranse mediante pequenos proxectos de aula mediante os que abarcaremos a totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais e dos obxectivos da etapa, e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave en relación ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En xeral, buscarase favorecer o desenvolvemento integral de cada alumna e alumno, tendo en conta o contexto social no que se desenvolven os procesos de ensino e aprendizaxe e buscando a implicación de todo o centro e da comunidade educativa, con especial consideración ás familias. Potenciarase a educación no respecto pola diversidade e a mellora das relacións sociais, co obxectivo de favorecer un adecuado clima de convivencia escolar e comunitario.

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, teremos en conta as seguintes premisas:

-Partiremos do coñecemento do mais cercano ao alumnado como é o colexio e a familia para ir extendendo a aprendizaxe aos contidos máis afastados e novidosos para eles como son o paso do tempo o noso Planeta e o seu coidado pasando previamente polo noso barrio as profesións que se encontran nun camiño intermedio. Favorecendo así unha aprendizaxe significativa que ademais partirá da súa zona de desenvolvemento próximo e que facilitará o desenvolvemento da zona de desenvolvemento potencial.

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus intereses, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito, afondaremos no coñecemento do medio social e exploraremos a nosa contorna, identificando lugares, persoas, a importancia do seu coidado, o paso do tempo e as características principais da nosa localidade e do noso planeta..

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Ao longo da unidade 2 experimentaremos cos órganos do sentidos para que o alumnado poida comprender mellor como nos relacionamos co medio que nos rodea.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias..

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativo, por un lado dinámicas de cohesión de grupo (A pelota, Un mundo de cores, O branco e a diana,...); e por

outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...). Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

En función da natureza das tarefas propostas, estas levarán a cabo en gran grupo (toda a clase), pequeno grupo, parellas e individual.

Algúns dos principios metodolóxicos que guiarán a nosa práctica docente son os seguintes:

- Especial atención á diversidade e á detección de dificultades de aprendizaxe, para aplicar mecanismos de reforzo (organizativos ou curriculares).
- Participación activa e inclusiva, dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias.
- Desenvolvemento de actividades relacionadas coa resolución de problemas da vida real.
- Traballo da lectura, como un factor fundamental no proceso de aprendizaxe.
- Deseño e posta en práctica de actividades de aprendizaxe integradas, que permitan avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Para finalizar, é importante mostrarlle ao alumnado o sentido e a función da tarefa que están a levar a cabo, aludindo á súa funcionalidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos personáis
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

Empregaremos unha variedade significativa de materiais e recursos didácticos para ofrecer ao alumnado un amplo abano de posibilidades adaptadas á especificidade de cada alumna ou alumno, e das diferentes unidades. Procurarase, na medida do posible, o emprego de materiais e recursos públicos e gratuitos, e, no caso de aplicacións e recursos dixitais, que cumplan os criterios de gratuidade, acceso libre e seguridade.

RECURSOS PERSOAIS: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

Realizaremos talleres coas familias que virán a falar das súas profesións, contar contos... relacionado sempre cos proxectos que estamos a realizar

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), mapas, globo terráqueo, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, aula STEAM, o patio de recreo, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial do alumnado na área de Ciencias Sociais seguirá dúas liñas:

- A revisión dos informes individualizados de final de etapa, de habelos, e/ou historiais académicos. De ser posible, procurarase contactar coas persoas titoras do curso anterior.

- A realización de probas sinxelas co fin de coñecer o nivel competencial do alumnado, así como os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes específicas na área de Ciencias Sociais. Procurarase o emprego de diferentes instrumentos de avaliacións adaptados á idade do alumnado.

As probas específicas levaranse a cabo nas dúas primeiras semanas de curso, e terán o obxectivo de adecuar a programación didáctica ás necesidades reais do grupo en xeral e de cada alumna ou alumno en particular. Neste eido cómpre ter en conta o distinto perfil do alumnado:

- Alumnado do centro, por ter cursado aí a etapa infantil.
- Alumnado de nova incorporación, con informes individualizados
- Alumnado de nova incorporación sen informes individualizados por proceder do estranxeiro

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de necesidades específicas individuais e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	15	14	13	8	8	13	15	100
Proba escrita	0	35	20	30	25	25	30	20	23
Táboa de indicadores	100	65	80	70	75	75	70	80	77

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, resumos, esquemas e mapas conceptuais.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

A nota da materia sairá da aplicación destas porcentaxes.

Coñecemento dos contidos traballados:40%

Probas escritas e orais:30%

Participación nas actividades propostas:20%

Actitude(Comportamento):10%

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc. Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, Plambe, Educación Responsable da Fundación Botín..

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X						X
ET.4 - Competencia dixital								X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X		X
ET.6 - Emprendemento						X		X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable						X		
ET.10 - Desenvolvemento sustentable					X	X		
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X					
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Na área de Ciencias Sociais, os elementos transversais que se elixiron e se distribuíron nas distintas unidades didácticas, traballaranse do seguinte xeito:

- Os elementos transversais 1 a 2, 5, 7, 8, 11, 12 e 14, abórdanse no desenvolvemento de cada unidade didáctica, a través das diferentes actividades ordinarias que desenvolven os contidos propostos.
- Os restantes elementos transversais, abordaranse do mesmo xeito nas unidades sinaladas (actividades ordinarias), e en actividades e conmemoracións específicas: Día de Europa, Día da Declaración dos Dereitos Humanos, Semana da Constitución, Día Mundial do Medioambiente, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita polo colexioo	Visitaremos diversos espazos do noso centro, incidindo no lugares que os netos de primeiro menos frecuentan para que coñezan da sea existencia e da sea funcionalidade	X		
Visita a algún lugar do noso barrio	Nalgún momento do curso faremos algunha saída polo noso barrio; como por exemplo a un parque, a unha tenda, ...		X	X
Talleres coas familias	As familias acudirán a realizar talleres para presentarnos os seus oficios e de paso que todos as comenzamos.	X	X	X

Observacións:

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación das aprendizaxes e a cohesión do grupo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A secuenciación e a temporalización das unidades didácticas adáptanse ás características do grupo de alumnado
As actividades propostas están debidamente secuenciadas, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía
Metodoloxía empregada
As actividades complementarias realizadas son axeitadas
O estilo pedagóxico do docente ten en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA)
Aprovéitase o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organízase o espazo físico da aula en función das actividades a realizar
Utilízanse recursos didácticos variados para a presentación de contidos e para a práctica do alumnado
Medidas de atención á diversidade
Pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas
Adáptase a secuenciación das tarefas ás necesidades do alumnado

Clima de traballo na aula
Mantense o interese do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Foméntase a participación e colaboración das familias no proceso de aprendizaxe do alumnado
Realízase unha coordinación co profesorado con dispoñibilidade horaria que apoia dentro da aula

Descrición:

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de ciclo.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a practica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos incluíranse, no seu caso, nas correspondentes actas de ciclo.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información, será suficiente con que o profesorado titor así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores ás da xunta de avaliación parcial; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación didáctica levarase a cabo a través da aplicación Proens, cando menos, unha vez ao mes. Cómpre destacar a importancia da valoración dos datos recollidos na programación de aula de cara a comprobar o desenvolvemento da actividade lectiva (esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación).

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

A información que se obteña incluírase na memoria final da área, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico. As ditas propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e mesmo poderán poñerse en práctica aquelas propostas de mellora identificadas durante o seguimento susceptibles de aplicación no curso actual.

Nas reunións do equipo do 1º ciclo o seguimento das Programacións Didácticas debe ser un eixe central.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022310	CEIP A Gándara	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 1º de primaria do C.E.I.P. A Gándara (Narón). Son un total de 38 alumnos e alumnas repartidos en dúas clases.

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente Programación Didáctica (PD) está pensada para poder traballar conxuntamente coa outra materia de ámbito artístico, Música e Danza.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
8	A que sabe la luna?	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.	TI	100
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce adiviñas de xeito oral e consentido.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Le textos sinxelos en voz alta cunha velocidade axeitada a súa idade identificando a información relevante do texto		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Emprega a lectura como medio para ampliar o vocabulario a partir de estratexias básicas de comprensión.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Emprega a rutina de pensamento vezo, penso e me pregunto para deducir o contido do texto proposto.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Emprega a lectura para enriquecer o seu vocabulario e coma aprendizaxe das normas básicas de ortografía.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase na utilización das novas tecnoloxías, de forma acompañada, para a localización e selección da información de distintos anuncios publicitarios.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Expón a información recollida sobre un anuncio publicitario referente a lugares de destinos vacacionais.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula ou do centro.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Iniciase de forma segura na utilización das novas tecnoloxías para a procura da información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Constrúe a súa identidade lectora seleccionando textos do seu interese.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participa en lecturas compartidas propostas pola biblioteca de aula.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Le textos literarios de diferentes autores e autoras.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participa nas lecturas compartidas planificadas pola biblioteca.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Participa nas actividades planificadas pola biblioteca de aula e de centro.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndooas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Intrepreta adiviñas e pequenos trabalinguas traballados na aula		
CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Escribe adiviñanzas e refráns moi sinxelos con axuda de autoinstrucións.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Revisa os textos de elaboración propia tendo como axuda as autoinstrucións traballadas.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario básico. - Procesos: interacción oral - Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.

Contidos

- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: comprensión oral
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios...
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos.
- Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida en fontes sinxelas.
- Modelos explícitos para comunicar a información.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable
- Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.

Contidos

- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, coidando a limpeza e a presentación.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía en educación primaria debe acercar o proceso de ensinanza/aprendizaxe aos contextos reais do alumnado. No caso das metodoloxías activas a súa fortaleza reside, principalmente, no seu atractivo para o alumnado, na súa fácil combinación entre elas, na utilización das novas tecnoloxías como recurso, na toma de conciencia e reflexión co entorno, na colaboración con outros axentes, na aprendizaxe autónoma, na flexibilidade e versatilidade e, sobre todo, no axuste co desenvolvemento competencial do alumnado.

A metodoloxía activa parte dunha serie de principios metodolóxicos e utiliza unha serie de estratexias que pretenden como obxectivo fundamental que os alumnos/as aprendan dunha maneira autónoma e se desenvolvan en todas as facetas da súa personalidade.

A metodoloxía debe ser activa, participativa e flexible, partindo do nivel de desenvolvemento do noso alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmos e promovendo o traballo en equipo.

O alumno/a é protagonista activo nesta programación; investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde.

As liñas metodolóxicas da nosa programación son as seguintes:

- A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade, de atención.

Así pois, a perspectiva globalizadora do proxecto, a través do que chamamos situacións de aprendizaxe, interrelaciona as distintas áreas para organizar e articular os coñecementos con sentido e intencionalidade en contextos que permitan a súa significatividade, provocando a entrada en xogo de todos os mecanismos da personalidade do neno e nena.

- A aprendizaxe significativa: refírese á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que sabe (os seus coñecementos previos). Todo novo coñecemento ten de partir das experiencias previas dos alumnos e alumnas. Para lograr estas aprendizaxes comezaremos cada unidade didáctica cunha avaliación inicial, para saber os seus coñecementos previos e, sobre eles, construír os novos.

- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas. A atención individualizada considera as características e diferenzas persoais pulando pola atención ás necesidades proporcionando atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.

- A afectividade: a seguridade que lles da o sentirse queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de sí mesmos. Propoñemos que a relación entre o profesorado e o alumnado se realice dentro dun ambiente democrático, con relacións de comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.

- A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos «outros» que lle axudarán a socializarse e comunicarse.

Estas situacións de aprendizaxe apóianse, na maioría dos casos, no xogo por consideralo un elemento básico e primordial para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación, a personalidade e ser o recurso metodolóxico por excelencia no traballo cos nenos e nenas desta idade.

A través do xogo, coñece o comportamento dos adultos e as normas sociais. Tamén contribúe ao desenvolvemento da socialización e a comunicación as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e saídas.

- A autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado.

- Aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e a sociedade nun pulo pola convivencia, a paz e a inclusión.

- A manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade. Favorecerase en todo caso que o material cumpra o requisito de ser accesible.

- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a produción persoal.

- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de estereotipos.

- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumno é o verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

- Aprendizaxe baseada na investigación, na resolución de problemas e descubrimentos: os alumnos/as aprenden a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados. actividades investigativas que permitan elaborar hipótesis, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes máis instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico

- Aprendizaxe baseada en proxectos: resolvendo situacións, retos ou respondendo a preguntas, a través dos seus coñecementos, recursos, investigación, reflexión e cooperación activa.

- As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos e alumnas se transformen en persoas que aprenden a aprender e estén motivados pola súa aprendizaxe e, por tanto, que estén preparados para continuar aprendendo durante as súas vidas. Desta maneira, fomentaranse procesos pedagóxicos que sexan accesibles para todos mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e diferentes ritmos de aprendizaxe.

- Aprendizaxe baseada en retos: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación co entorno, a cal implica a definición dun reto e implementar para éste unha solución.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais funxibles: folios, cartolinas, ceras...
Manipulativos: que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos...
Material impreso: libro de texto, material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais...
Recursos informáticos: ordenador de aula. Encerado dixital interactivo.
Libros da biblioteca de aula e de centro.
Calquera outro que atenda ás necesidades educativas do alumnado e sexa coherente coas propostas ofertadas.

Na elección dos materiais teremos en conta:

Que sexa atractivo tanto estéticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.

Serán adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades. así como asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar o material de forma autónoma e independente.

Potenciaremos e favoreceremos a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.

Reunirá as correspondentes normas de seguridade.

En ningún caso favorecerá as actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.

Posibilitará ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso levarase a cabo unha avaliación inicial escrita para poder analizar cal é o punto de partida do noso alumnado e así poder establecer estratexias comúns de actuación e dar resposta á diversidade que nos atopamos na nosa aula.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (exprésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado a súa idade...), lectura e comprensión lectora (identifica palabras escritas significativas e usuais, relaciona imaxe e texto, asocia grafías maiúsculas e minúsculas...), escritura (realiza correctamente os trazos propostos, copia palabras...).

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

Realizarase unha reunión de avaliación inicial no mes de outubro con todo o profesorado que imparte materias no curso e o equipo de orientación para tomar medidas de atención á diversidade .

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	12	12	12	13	13	14	14	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

- Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula 40% :
- Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia
- Escribe respectando regras ortográficas e gramaticais
- Ter unha caligrafía lexible

- Actividades de lectura (rexistros de lectura e comprensión) 20% :
- Le coa velocidade e entoación axeitada a súa idade, respectando os signos de puntuación
- Amosa unha boa comprensión lectora, axeitada a súa idade.
- Actividades de expresión e creación 20% :
- Exprésase cunha linguaxe oral correcta (vocabulario, comprensión da oración
- Realiza traballos de forma creativa e orixinal e razoa as estratexias a seguir na creación dos mesmos
- Traballo en equipo 10% (actitude e participación activa)
- Traballo en clase: 10% (autonomía e presentación das actividades)

Criterios de recuperación:

Cando un alumno- a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planifícanse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planifícanse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
- f) O nivel de coñecementos.
- g) O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

Dado que cada alumno/a ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno e nena e o seu ritmo de traballo.

Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e en outro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é rixida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.

De aquí que o docente, coñecendo o estado inicial do seu alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionará aquilo que mellor poida responder aos propósitos que persiga.

Contaremos co apoio do Departamento de Orientación(PT e AL) tanto para o traballo de dislalias como no apoio na lecto-escritura e expresión oral .

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento.				X		X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.			X		X			X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a sexual).			X					
ET.6 - Educación emocional e de valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º trimestre: Actividades culturais	Asistencia ao Pazo da Cultura para participar na Mostra de Teatro Infantil . Traballaremos a obra previamente na escola.	X		
2º trimestre: Visita á Axencia de Lectura da Gándara	Para fomentar no alumnado o gusto polas narracións infantís, visitaremos a Axencia de Lectura da Gándara.		X	
Obradoiros de familias	Para implicar as familias na escola realizaremos obradoiros sobre profesións, cociña, experimentos, contos ...	X	X	X
3º trimestre:Visita a Marcelle Natureza	Para traballar o vocabulario relacionado cos animais			X

Observacións:

Estableceranse unha serie de criterios para a selección e elección destas actividades encuadrándose dentro da seguinte tipoloxía

- Obradoiros
- Actividades culturais
- Participación das familias

Ademais das actividades citadas, poden xurdir outras ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Regulación da práctica docente: grao de seguimento do alumnado, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

Metodoloxía empregada
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinabilidade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa.
Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer ao alumnado e as familias.

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avaliación serían os seguintes:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada.
- Regulación da práctica docente.
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.

ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
- Insuficiente: omítese elementos fundamentais do indicador
- Básico: cumprimento suficiente do indicador
- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente.

Realizarase o seguimento da programación a través do programa PROENS

Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.

3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022310	CEIP A Gándara	Narón	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	35
4.2. Materiais e recursos didácticos	36
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	38
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	39
6. Medidas de atención á diversidade	40
7.1. Concreción dos elementos transversais	41
7.2. Actividades complementarias	41
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	42
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	42
9. Outros apartados	43

1. Introducción

Esta programación didáctica vai dirixida aos dous grupos de 1º de Educación Primaria do CEIP A Gándara de Narón. O CEIP A Gándara, como o seu nome indica, está ubicado no barrio de A Gándara (Narón). Esta é unha zona urbana de nova construción (con picos nas décadas de 1970-1980 e na primeira do século XXI) na que se asentaron moitas familias novas, con fillos pequenos.

Aínda que nos últimos anos parece haber un pequeno estancamento, debido ás sucesivas crises económicas da comarca, Narón ten sobre 39.000 habitantes (oitavo concello máis poboado de Galicia) e o noso colexio segue a ter grupos numerosos. A práctica totalidade do alumnado emprega o castelán exclusivamente como lingua vehicular principalmente pola ubicación xeográfica (Ferrolterra é unha das comarcas galegas con menor presenza da lingua galega e Narón é un dos concellos que forma parte dela). O nivel socio-económico e cultural das familias é heteroxéneo.

En 1º de Educación Primaria contamos este curso con 42 alumnos/as, distribuídos en dúas aulas de 20 e 22 nenos/as cada unha.

A mestra de inglés destes dous grupos xa coñece a practicamente todo o alumnado deste nivel dende os tres anos, agás 3 alumn@s que se incorporan este curso dende outro centro.

É importante destacar que o alumnado acaba de ser mesturado, polo que nos primeiros días de clase haberá que prestar tamén especial atención á cohesión de grupo, xa que hai moitos nenos/as que non se coñecen entre eles/elas. Segundo o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na área de lingua estranxeira no primeiro nivel pártese dun estadio aínda moi elemental da lingua estranxeira, polo que será imprescindible basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación moi sinxelos, e dunha forma lúdica a través de cancións, historias...

Temos sempre presente nesta Programación Didáctica e poñemos especial interese na atención á diversidade do alumnado, na prevención das dificultades da aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. A presente programación é a base da práctica diaria da mestra de inglés durante este curso 2024/2025 para este nivel.

Non obstante, debido ás características dos distintos grupos, e dado que esta programación se realiza ao principio do ano académico, esta pode sufrir modificacións ao longo do curso por diversos motivos como poden ser o nivel da clase, a presenza de dificultades imprevistas a priori, a frecuencia de condutas disruptivas na aula, etc.

Estes cambios poden afectar a calquera aspecto da programación (metodoloxía, temporalización, pode ser necesario realizar adaptacións dos contidos, da avaliación, etc.).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Welcome Unit: Ready, steady, go!	Visualización dos vídeos da unidade: - Hello, Hello! - Colours - Saúdos e presentacións. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario a través de material visual (flashcards / wordcards, imaxes), linguaxe non verbal (mímica, xestos). - Relación do texto coas imaxes nas distintas actividades e historias da unidade; comprobación e reformulación de hipóteses: asociación con accións para a súa memorización. - Observación de imaxes para descubrir o tema da historia.	3	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Welcome Unit: Ready, steady, go!	Funcións comunicativas: - Saúdos - Petición de información - Descrición de obxectos (cores) - Expresión da cantidade Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Audición dun chant: Hello, Hello! - Audición dunha canción: Colours Estructuras sintáctico-discursivas: - Present simple affirmative - What's your name? - What colour is it? Léxico: - Cores: blue, green, orange, pink, purple, red, yellow. - Números: 1-10 Convencións ortográficas: - O vocabulario da unidade.	3	4	X		
2	Unit 1: Happy Families	Escoita do vocabulario, chants e cancións da unidade. Visualización dos vídeos da unidade: - Chant: Time for a photo! - Song: This is my family - Life Skills: My special people - Story: Jasmin's day! - Grammar presentation: How are you? - Culture: My family Escoita e lectura dunha historia sobre sentimentos. Escoita da presentación dun neno irlandés sobre as familias. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario a través de flashcards / wordcards, imaxes, linguaxe non verbal (mímica). Funcións comunicativas: - Presentacións - Descrición de sentimentos / estados. - Membros da familia. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entonación: - Recoñecemento do son inicial s. - Audición dun trabalinguas con palabras que comezan por s. Estructuras sintáctico-discursivas: - Present simple affirmative. - This is my dad. - I'm (hungry). Léxico: - Brother, dad, granddad, granny, mum, sister. - Bored, happy, hungry, sad, scared. Convencións ortográficas: - O vocabulario da unidade.	15	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Unit 2: Ready for School	<p>Escoita do vocabulario da unidade. Visualización dos vídeos da unidade: - Chant: Classroom objects - Song: Ready for school - Life Skills: Be ready! - Story: It's a monster! - Grammar presentation: What's this? - Culture: This is my school</p> <p>Escoita e lectura dunha historia sobre o colexio. Escoita da presentación dunha nena uruguaia sobre o seu colexio. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario con flashcards / wordcards, imaxes), linguaxe non verbal (mímica). Funcións comunicativas: - Descrición de obxectos - Petición de información. - Expresión do plural. - Expresión da posesión. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Recoñecemento do son inicial r. Estruturas sintáctico-discursivas: - Present simple affirmative, questions and short answers. - I've got a (yellow) (pencil case). - What's this? - Plural nouns. Léxico: - Book, crayon, glue, pen, pencil, pencil case, rubber, ruler, school bag, sharpener. Convencións ortográficas: - Vocabulario da unidade.</p>	15	10	X		
4	Festivals: Halloween	<p>Escoita do vocabulario, chants e cancións da unidade. Lectura do vocabulario da unidade. Visualización dos vídeos da unidade: - Halloween: Five little witches</p> <p>Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario a través de material visual (flashcards / wordcards, imaxes), linguaxe non verbal (mímica, xestos). Funcións comunicativas: - Expresión de felicitacións. - Listado de elementos relacionados con Halloween. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Reproducción de cancións: Five little witches. Estruturas sintáctico-discursivas: - Happy Halloween! Léxico:</p>	2	2	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Festivals: Halloween	- Halloween: ghost, monster, skeleton, vampire, witch Convencións ortográficas: - O vocabulario da unidade.	2	2	X		
5	Festivals: Christmas	Escoita do vocabulario, chants e cancións da unidade. Lectura do vocabulario da unidade. Visualización dos vídeos da unidade: - Christmas: It's Christmas day Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario a través de material visual (flashcards / wordcards, imaxes), linguaxe non verbal (mímica, xestos). Funcións comunicativas: - Expresión de felicitacións. - Listado de elementos relacionados con Nadal. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Reproducción de cancións: It's Christmas Day! Estruturas sintáctico-discursivas: - It's Christmas Day! Léxico: - Christmas: present, Santa, star, stocking, tree. Convencións ortográficas: - O vocabulario da unidade.	3	2	X		
6	Unit 3: Popular Pets	Escoita do vocabulario, chants e cancións da unidade. Visualización dos vídeos da unidade: - Chant: Pets in my house! - Song: Have you got a dog? - Life Skills: Caring for others. - Story: A new pet. - CLIL: Cats climb. - Grammar presentation: Where's the red ball? - Culture: Pets. Escoita e lectura dunha historia sobre mascotas. Escoita de nenos estadounidenses describindo as súas mascotas. Estratexias de comprensión: - Flashcards / wordcards, imaxes, mímica. Funcións comunicativas: - Petición de información. - Descrición de animais. - Descrición de obxectos. - Expresión da posesión. - Expresión da localización. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Recoñecemento do son inicial p.	15	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Unit 3: Popular Pets	Estructuras sintáctico-discursivas: - Present simple affirmative, negative, questions and short answers. - Have you got a (dog)? Léxico: - Cat, dog, fish, hamster, mouse, parrot, pony, rabbit, snake, spider - Chair, cupboard, sofa, table Convencións ortográficas: - Vocabulario da unidade.	15	10		X	
7	Unit 4: Is it a plane?	Escoita do vocabulario e cancións da unidade e lectura do vocabulario. Visualización de: - Chant: In the toy box. - Song: Can you guess. - Life Skills: Share your things. - Story: It's a surprise! - Grammar presentation: Count the candles. - Culture: My favourite toy. Escoita e lectura dunha historia sobre un aniversario e da presentación dunha nena xaponesa sobre os seus xoguetes favoritos. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario con flashcards / wordcards, imaxes), mímica. Funcións comunicativas: - Petición de información. - Expresión da idade. - Descrición de xoguetes. - Expresión do tamaño. - Expresión da cantidade. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Recoñecemento do son inicial h. Estructuras sintáctico-discursivas: - The verb To be: third person singular (aff., neg., quest.). - How old are you? - I'm (six). Léxico: - Ball, car, doll, game console, plane, robot, scooter, teddy. - Big, small. Convencións ortográficas: -O vocabulario da unidade.	15	10		X	
8	Festivals: Easter	Escoita do vocabulario, chants e cancións da unidade. Lectura do vocabulario da unidade. Visualización dos vídeos da unidade: - Easter: The bunny goes hop Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario a través de material visual (flashcards / wordcards, imaxes), linguaxe non verbal (mímica, xestos).	2	2		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Festivals: Easter	Funcións comunicativas: - Expresión de felicitacións. - Listado de elementos relacionados coa Pascua. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Reproducción de cancións: The bunny goes hop. Estruturas sintáctico-discursivas: - Can you see the Easter eggs? Léxico: - Easter: basket, chicks, Easter bunny, Easter eggs, flowers. Convencións ortográficas: - O vocabulario da unidade.	2	2		X	
9	Unit 5: Let's dance!	Escoita do vocabulario, chants e cancións e lectura do vocabulario da unidade. Visualización dos vídeos: - Chant: I've got two arms - Song: Move your body - Life Skills: Exercise every day - Story: I can walk! - Grammar presentation: I can skip - Culture: Face painting Escoita e lectura dunha historia sobre unha clase de baile. Escoita da presentación dunha nena británica sobre as pinturas de cara. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario con flashcards / wordcards, imaxes, mímica. Funcións comunicativas: - Expresión de instrucións. - Expresión da habilidade. - Descrición das partes do corpo. - Expresión de accións. - Expresión do afecto/sentimento. - Expresión da cantidade. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Recoñecemento do son inicial t. Estruturas sintáctico-discursivas: - Imperatives: Touch your nose. - I can run. Léxico: - Arm, feet, hair, head, knee, leg, toes - Hop, jump, run, skip, walk Convencións ortográficas: - Vocabulario da unidade.	15	10			X
10	Unit 6: That's delicious!	Escoita do vocabulario, chants e cancións e lectura do vocabulario da unidade. Visualización dos vídeos: - Chant: We love food - Song: Do you like chicken? - Life Skills: Make a sandwich	15	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Unit 6: That's delicious!	- Story: Ryan's idea! - Grammar presentation: I like apples - Culture: Italian pasta Escoita e lectura dunha historia sobre un picnic. Escoita da presentación dun neno italiano sobre a comida no seu país. Estratexias de comprensión: - Presentación do vocabulario con flashcards / wordcards, imaxes, mímica. Funcións comunicativas: - Expresión do gusto. - Listado de alimentos. - Expresión da preferencia. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Recoñecemento do son inicial m. Estructuras sintáctico-discursivas: - Present simple (aff., neg., quest.) - Do you like (fruit)? Léxico: - Cake, cheese, chicken, fish, fruit, meat, salad, soup, yogurt - Juice, milk, water - Apple, banana, mango, orange, pear, strawberry Convencións ortográficas: - O vocabulario da unidade.	15	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Welcome Unit: Ready, steady, go!	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.			
CA1.1.1. - Recoñecer palabras habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas próximos á súa experiencia coma as cores, a familia, obxectos escolares, animais, xoguetes, partes do corpo, froitas e algún vocabulario relacionado con Halloween, Nadal e Pascua.	Recoñecer palabras habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas próximos á súa experiencia coma as cores, a familia, obxectos escolares, animais, xoguetes, partes do corpo, froitas e algún vocabulario relacionado con Halloween, Nadal e Pascua..	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns.		
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Producir mensaxes moi breves e sinxelos de forma guiada.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar de forma guiada información básica.		
